



APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS SETEMBRO 2008

EXpte. 7956/2025: SUBVENICIÓN NOMINATIVA 2025 - "ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS SETEMBRO 2008" (FESTAS SAN CIBRAO 2025)

D. José Rafael Castro Gil Seijas, en calidade de alcalde en funcións do Concello do Carballiño, no uso das atribucións conferidas no art. 61.1. g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo (DOG núm. 149 de 5 de agosto de 1997) Reguladora da Administración Local de Galicia, e en relación co disposto na Base 31ª e 32ª de execución do vixente orzamento de gastos deste concello, e a Ordenanza en vigor reguladora de subvención do Concello do Carballiño,

Vista a Proposta da Concelleira de Turismo do Concello do Carballiño, xunto coa documentación que consta no expediente núm. 7956/2025 de subvención nominativa á ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS SETEMBRO 2008 para 2025, para a ORGANIZACIÓN das actividades para as FESTAS PATRONAIS DE SAN CIBRAO 2025, e visto o informe de Intervención no que se fiscaliza de desconformidade pola non constancia da correcta identificación do beneficiario da citada subvención nominativa nas BEO.

DISPOÑO:

- 1- Resolver a discrepancia reflexada no informe de Intervención como de carácter suspensivo no que respecta a incorrecta identificación do beneficiario da subvención nominativa nas bases de execución do orzamento, e téndoo en conta para a súa rectificación no seguintes.
- 2- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este asunto en concreto e, Aprobar o convenio regulador entre o **Concello do Carballiño** e a **ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS SETEMBRO 2008**, para a organización das actividade relacionadas coa organización das **FESTAS PATRONAIS DE SAN CIBRAO 2025**, segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	CIF	Importe
338.11.480.01	ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS SETEMBRO 2008	G32353146	58.000,00 €

- 3- Autorizar e recoñecer o gasto, e ordenar á Intervención súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria correspondente e, unha vez asinado o convenio, a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS).
- 4- Ordenar á Tesourería que proceda ao pago do **100 %** de anticipo da subvención por un importe de **58.000,00 €**.

<DOCUMENTO ASIANDO DIXITALMENTE>

